

INFORMACIÓN RELATIVA A SAÍDA PENA AVENTURA PARK (PORTUGAL)

A actividade realizarase entre o 13 e o 14 de xullo de 2026. Os/as participantes serán acompañados por persoal do Concello da Laracha. O aloxamento será no propio parque Multiaventura.

O parque Pena Aventura Park é un parque de actividades lúdicas e deportes de aventura situado na Ribeira da pena, distrito de Vila Real (norte de Portugal).

INCLUÍDO (desprazamento, aloxamento, actividades, comida e cea do 13 de xullo e almorzo e xantar do 14 de xullo)

SAÍDA: luns 13 de xullo ás 8:00 horas da praza Les Sables d'Olonne

CHEGADA: martes 14 de xullo ás 20:00 horas da Praza Le Sable d'Olonne

DATOS DE INTERESE

EQUIPO OBRIGATORIO:

- Calzado e roupa deportiva.
- Crema protectora do sol factor mínimo 30.
- Para as actividades acuáticas: traxe de baño (ou pantalón corto con camiseta) + chanclas ou escarpíns que suxeiten o pé (en caso contrario, uns tenis que poidan mollar).
- Para a actividade de Paintball, roupa que non importe manchar (as bolas son de pintura biodegradable e límpase con facilidade) e calzado cómodo.

EQUIPO RECOMENDABLE:

- Deportivas ou calzado pechado para andar polo parque.
- Calzado e roupa de trote, cómoda e de abrigo (polas noites pode refrescar).
- Sudadera ou chaqueta.
- Útiles de aseo: secador, chancletas...

ALOXAMENTO

- As habitacións serán compartidas por grupos e separadas por sexos.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA (adxunta)

- **Declaración responsable teléfono móbil (entregar antes da saída do autocar)**
- **Declaración permiso de viaxe fora do territorio nacional emitida pola garda civil.** A declaración adxunta ten que ser cuberta e entregada na Garda Civil xunto co DNI do menor, DNI dun pai/nai e libro de familia. A copia do rexistro será entregada ao Concello mediante correo (cultura@alaracha.gal) ou presencialmente na Casa da cultura antes do día 10 de xullo, sen esta documentación o menor non poderá viaxar.
- **Levar ao viaxe o DNI e tarxeta sanitaria Europea**

INFORMACIÓN IMPORTANTE

-O número de contacto en caso de **necesidade ou urxencia** para contactar cos monitores e persoal o coidado do grupo é: **659948937**. Soamente se permiten chamadas de teléfono, non se responderán whatsapp nin SMS.

-As/os nenas/os que leven teléfono móbil deben identificalo na parte traseira do terminal cun adhesivo co seu nome.

-Os pais/nais , titor/a legal deberán entregar, antes da saída, a declaración responsable onde se informa se levan teléfono móbil e a autorización para a retirada dos mesmos nas horas nocturnas.

-Establécese o horario de 20:00 a 23:00 horas para que poidan realizar e recibir chamadas. Durante a realización das actividades, os participantes non poden utilizar os teléfonos móbiles.

Aproveitamos esta comunicación para lembrarnos algunhas cuestións importantes:

Os participantes menores ou maiores de idade, teñen a obrigaón de respectar aos monitores e cumprir as normas que estes lles indiquen. Non se permitirán faltas de respecto, negación ou falta de interese en cumprir coas normas ou indicacións dos monitores que os acompañan.

Os participantes maiores de idade deben cumprir coas normas e ás indicacións de igual forma que os menores de idade (incluído a retirada do teléfono móbil nas horas indicadas).

De non ser o caso, os monitores poderán chamar os pais/nais ou titores legais para que os recollan da actividade e/ou penalizaranse para que non participen en futuras actividades de este tipo.

Consideramos que esta viaxe é unha oportunidade para desfrutar das actividades e da compañía dos compañeiros e compañeiras de viaxe. **Por este motivo, non se permitirá utilizar o teléfono móbil ou tablet en horario nocturno ou en calquera momento que o estime oportuno o persoal ao cargo e monitorado. Os pais/nais , titor/a legal deberán asinar, antes da saída, a declaración responsable onde se informa se levan teléfono móbil e a autorización para a retirada dos mesmos nos horarios correspondentes.** No caso de maiores de idade, deberán cubrir a autorización igualmente e entregar o móbil nos horarios indicados.

Sen esta autorización non poderán subirse ao bus nin participar na actividade.

PROGRAMACIÓN

LUNS 13 DE XULLO

Chegada para o xantar

Despois de xantar realización das seguintes actividades:

- **Percorso aventura**: Percorrido polos árbores, ofrece a posibilidade de recorrer un circuito de habilidades de altura, integrado na natureza e a nivel da copa dos árbores. Existen circuitos de dificultade media e elevado.



- **Crazy Karts**: xirar e derrapar como profesionais, pódese conducir como se fora un kart ou levantar a barra de tracción para facer andar en modo coche. O sistema de tracción permite o condutor variar o ángulo traseiro para que se poida conducir e derrapar cara diante, cara atrás, aos lados, diagonal..



- **Canyoning Park**: simulador de Barranquismo de río. Trátase dunha actividade que se realiza nun entorno controlado composto por varios lagos, saltos, tobogáns e rapelas.



20:00 h: CEA

- **Festa temática con música**

MARTES 15 DE XULLO

09:00h: **ALMORZO.**

Realización das seguintes actividades:

- **Baixada Fantasticable:** tirolina que vai desde o cabo Fantasticable que conecta ás montañas de Bustelo e Lamelas, cunha altura de 150 metros, no descenso alcanzase unha velocidade máxima de 130km/hora.



- **Paintball**



- **Alpine Coaster:** coches estilo tobogán que descenden montaña abaixo ao longo de 700m de curvas, contracurvas e loopings horizontais mentres se pode desfrutar dos paisaxes da montaña de Lamelas e da Vila da Ribeira da Pena.



14:00-15:00 h: **XANTAR.**

Despois de xantar regresamos para A Laracha.